

IGUALDADE

CONCELLERÍA DE
IGUALDADE E COMERCIO

CONCELLO
DE VIGO



CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS ECONÓMICAS DIRECTAS DE APOIO PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2025

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión ordinaria do 27 de decembro de 2024, acordou, entre outros asuntos, aprobar a convocatoria do *Programa de axudas económicas directas de apoio para mulleres en situación de violencia de xénero para o ano 2025*.

CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS ECONÓMICAS DIRECTAS DE APOIO PARA MULLERES EN SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2025

PRIMEIRA.- Bases reguladoras

As Bases reguladoras do *Programa de axudas económicas directas de apoio para mulleres en situación de violencia de xénero para o ano 2025*, aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 5 do 9 de xaneiro de 2025.

SEGUNDA.- Crédito orzamentario

A cantidade máxima destinada a este programa será 20.000,00 euros (vinte mil euros) que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria “Bolsas económicas” 2311.480.00.00 do orzamento do Servizo de Igualdade do Concello de Vigo aprobado para o exercicio 2025.

TERCEIRA.- Obxecto e finalidade

A finalidade destas axudas é apoiar as mulleres en situación de violencia de xénero para que poidan afrontar unhas necesidades económicas derivadas principalmente desta violencia, contribuíndo a apoiar tanto o proceso de ruptura co agresor, como o proceso de recuperación das súas secuelas (físicas, psicolóxicas, sociais, etc.), que en moitas ocasións se prolonga máis alá da ruptura, e sempre que, a xuízo dos servizos municipais de atención á muller, non poidan ser cubertas pola beneficiaria. Todas as axudas concedidas terán o carácter de temporais, non periódicas.

CUARTA.- Beneficiarias

O programa diríxese ás mulleres en situación de violencia de xénero ou que estean en proceso de recuperación das súas secuelas (físicas, psicolóxicas, sociais, etc.), usuarias dos dispositivos municipais de atención ás mulleres do Concello de Vigo.

QUINTA.- Gastos subvencionables

As axudas concedidas poderán facer fronte aos seguintes gastos: cartos mensuais de peto, lavandería, alimentación, hospedaxe, hixiene, farmacia, alugueiro, transporte, traslados de seguridade, actividades formativas, actividades extraescolares, subministros da vivenda, enxoval e/ou outras

IGUALDADE

**CONCELLERÍA DE
IGUALDADE E COMERCIO**

**CONCELLO
DE VIGO**



necesidades urxentes e inmediatas.

SEXTA.- Requisitos

Os requisitos para acceder a estas axudas son os seguintes:

1º.- Ser maior de idade ou persoa menor emancipada

2º.- Estar en situación de violencia de xénero ou estar en proceso de recuperación das súas secuelas (físicas, psicolóxicas, sociais, etc.), proceso que, en moitas ocasións, se prolonga máis alá da ruptura da relación violenta. Esta situación será valorada polo equipo profesional do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller. Tamén poderá acreditarse por calquera das formas previstas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, ou na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

3º.- Residir no termo municipal de Vigo

4º.- Non dispoñer de ingresos económicos suficientes para afrontar os gastos para os que solicita a axuda, a valoración do equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller

5º.- Ter debidamente xustificadas as axudas concedidas con anterioridade.

6º.- Presentar a solicitude e toda a documentación acreditativa da situación de necesidade e da situación de violencia de xénero que demande o equipo multidisciplinar do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller ou ben autorizar ao Concello de Vigo (Servizo de Igualdade) para obter das Administracións públicas e organismos públicos e privados a información e documentos necesarios para a tramitación e resolución da axuda.

SÉTIMA.- Contía das axudas

O importe máximo destas axudas por beneficiaria e ano establécese en 600 €, agás ~~causas urxentes~~ debidamente xustificadas. O pago da axuda concedida poderase realizar en pagos fraccionados atendendo á valoración realizada polos servizos municipais de atención ás mulleres.

OITAVA.- Presentación de solicitudes e prazo

As interesadas deberán presentar as súas solicitudes de axuda a través do Rexistro Xeral municipal ou por calquera dos medios indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas. Presentaranse no modelo oficial (Anexo I-A) debidamente cumprimentadas e asinadas pola solicitante.

O Servizo municipal de Igualdade poderá iniciar de oficio o procedemento para a concesión da axuda ante causas excepcionais que imposibiliten á interesada presentar a solicitude (enfermidade,

IGUALDADE

CONCELLERÍA DE
IGUALDADE E COMERCIO

CONCELLO
DE VIGO



desprazamento fóra do Concello de Vigo, etc.) ou pola urxencia da situación que así o motive.

O prazo de presentación comezará o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e finalizará o 26 de decembro de 2025, incluído.

NOVENA.- Publicidade

O Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas, establece un réxime específico previsto para aqueles casos nos que a BDNS poida conter información ou datos especialmente protexidos e recoñece o dereito de ocultación que asiste ás persoas físicas suxeitas a unha situación de protección especial. Así, o seu artigo 7.5 b) establece que non se publicarán as subvencións públicas concedidas a persoas físicas cando *“a persoa física se atope nunha situación de protección especial que poida verse agravada coa cesión ou publicación dos seus datos persoais, en particular, cando sexa vítima de violencia de xénero ou de outras formas de violencia contra a muller”*.

Polo dito, non se rexistrará información das concesións deste programa de axudas na BDNS, nin no Portal de Transparencia do “Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións”, sen menoscabo do deber de rexistrar a convocatoria nos anteditos portais.